

Acordo definitivo Ministerio-CC. AA. para concurso de méritos centralizado de estabilización

Publicado no BOE 14|11|2022



Todas as CC. AA. e o territorio do *Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP)* aceptan acollerse a este procedemento, a excepción de Cataluña, Euskadi, Galicia e Canarias.

Publicación de convocatorias antes do 21 de novembro de 2022 e prazo de presentación de solicitudes do **21 de novembro ao 21 de decembro de 2022, ambos incluídos.**

Presentación dunha soa instancia por cada especialidade na Administración educativa á que se opte en primeira opción. **Na instancia pódense consignar todas as administracións educativas que se queira, ordeadas por prioridade.** Non poden presentarse por distintas quendas á mesma especialidade, no caso de non obter praza polo turno de reserva optarase ás prazas de turno libre.

Baremo (máximo 15 puntos):

1. Experiencia docente: máximo 7 puntos, máximo 10 anos.

- 1.1. Mesma especialidade en centros públicos: 0,7 por ano.
- 1.2. Distinta especialidade do mesmo corpo en centros públicos: 0,35 por ano.
- 1.3. Distinto corpo en centros públicos: 0,125 por ano.
- 1.4. Mesmo nivel educativo noutros centros: 0,1 por ano.

2. Formación académica: máximo 3 puntos.

- 2.1. Expediente académico do título alegado:
 - de 6 a 7,49 (de 1,5 a 2,24): 0,5.
 - de 7,5 a 8,99 (2,25 a 2,99): 1.
 - de 9 a 10 (de 3 a 4): 1,5.
- 2.2. Doutoramentos, postgraos e premio extraordinario: 1/1/0,5
- 2.3. Outras titulacións universitarias: 1 por cada unha.
- 2.4. Titulacións de Réxime Especial e de Formación Profesional:
 - por cada título profesional de música ou danza: 0,5.
 - por cada certificado de nivel avanzado da EOI: 0,5.
 - por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño: 0,2.
 - por cada título de técnico superior de FP: 0,2.
 - por cada título de técnico deportivo superior: 0,2.
- 2.5. Dominio de idiomas estranxeiros: por cada certificado C1 o C2, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: 0,5. (A puntuación acadada polo mesmo idioma no 2.4 e no 2.5 non son acumulables).

3. Outros méritos: máximo 5 puntos.

- 3.1. Por cada aprobado en procesos selectivos da mesma especialidade desde 2012 (incluído): 2,5.
- 3.2. Formación permanente (máximo 2 puntos):
 - Por cada curso non inferior a 10 créditos: 0,5.
 - Por cada curso non inferior a 3 créditos: 0,2.
 - (1 crédito = 10 horas e pódense acumular cursos non inferiores a 2 créditos)

Criterios de desempate:

1. Puntuación en cada apartado na orde en que aparecen no baremo.
2. Puntuación en cada subapartado de segundo nivel na orde en que aparecen.
3. Puntuación en cada subapartado de terceiro nivel na orde en que aparecen.
4. Número total de días de experiencia no apartado 1.1 (sen máximo).

(Nos criterios de desempate 1, 2 e 3 respétanse os máximos dos apartados).

Publicación de listados provisionais e prazo de 5 días para alegacións e para elixir, se se obtivo praza en varias especialidades ou se se obtivo praza tamén nunha das CC. AA. que non vai no proceso centralizado.

Este procedemento non ten fase de prácticas.

As persoas seleccionadas terán que participar na asignación de destinos provisionais da Administración educativa onde obtiveran praza e no concurso de traslados para ter o seu primeiro destino definitivo en dita Administración.